

ACORDO ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A COLABORACIÓN NA DOTACIÓN DE PRAZAS DE PROFESORADO UNIVERSITARIO EN ÁREAS DE CIENCIAS DA SAÚDE .

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia dende o día da súa firma ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o réxime de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela, co fin de dotar á universidade de prazas de persoal docente e investigador naquelas áreas ou servizos que na actualidade carecen deste recursos por mor das xubilacións producidas dende o ano 2010 e que corresponden ás áreas de Ciencias da Saúde.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

É de interese común do Servizo Galego de Saúde e da Universidade de Santiago de Compostela a formación nas Ciencias da Saúde, nas súas diferentes etapas en tanto que, ambas as dúas partes teñen como función básica a prestación dun servizo público á sociedade.

A Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela veñen colaborando tradicionalmente no desenvolvemento de actividades docentes no ámbito da saúde.

As partes convenientes son conscientes da importancia que ten o ensino práctico para as disciplinas integradas no eido das ciencias da saúde, e da necesidade de que aquela se integre

nas estruturas e servizos do sistema sanitario. Por iso buscan garantir o nivel práctico da docencia nos estudos que a integran.

Preténdese dar cobertura a unha materia de interese público, social e sanitario, para a cal, debido á súa especificidade técnica, é necesario garantir unha docencia de calidade de xeito inmediato que resolva ás necesidades do alumnado que cursa esta formación universitaria.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.